



Informe Sectorial do Servizo de Infraestruturas Agrarias de Lugo sobre o proxecto parque eólico Vacaloura (IN 408A 2017/028)

ANTECEDENTES

Con data 25 de marzo de 2022 tense solicitado da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural a emisión de informe sectorial en relación co proxecto "parque eólico Vacaloura (IN 408A 2017/028)", promovido por Green Capital Power, S.L. nos Concellos de Monterroso e Portomarín na provincia de Lugo, o informe é solicitado polo Servizo de Enerxía e Minas da Xunta de Galicia na provincia de Lugo.

A Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural remite a consulta ao Servizo provincial de Infraestruturas Agrarias de Lugo, ao ubicarse o parque en terreos pertencentes a concellos da provincia de Lugo, ámbito competencial deste organismo.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. A Subdirección Xeral de Infraestruturas Agrarias, dependente da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural da Consellería do Medio Rural, ostenta as competencias en materia de reforma das estruturas agrarias, así como sobre preparación, execución e vixilancia dos seus correspondentes plans e programas, en virtude do Decreto 166/2015, do 13 de novembro, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural.
2. A Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia é a normativa vixente en materia de reestruturación parcelaria. No seu artigo 11., efectos do proceso de reestruturación parcelaria, establece:
 1. *Declarada de utilidade pública a reestruturación parcelaria dunha zona, esta será obrigatoria para todas as persoas propietarias e titulares de dereitos e situacións xurídicas sobre terreos comprendidos dentro do perímetro de reestruturación, así como para os operadores públicos e privados de redes de subministración, infraestruturas e aproveitamentos.*
 2. *Desde a entrada en vigor do decreto de declaración da utilidade pública da reestruturación parcelaria, todo adquirente a título oneroso ou lucrativo de terreos afectados polo proceso quedará subrogado en todos os dereitos e obrigacións do transmitente que se deriven do devandito proceso.*





3. Así mesmo, publicado o decreto de declaración de utilidade pública da reestruturación parcelaria, calquera actuación que leve a cabo por outros órganos de calquera outra administración pública haberá de adaptar as súas actuacións, salvo declaración de prevalencia, á fase do proceso de reestruturación que se estea levando a cabo

3. Segundo a documentación facilitada relativa ao proxecto do parque eólico Vacaloura, Green Capital Power, S.L. promove a implantación dun parque eólico coas seguintes características:

- Ubicación nos concellos de Monterroso e Portomarín, nas parroquias de San Miguel de Penas e San Cibrán de Pol (Monterroso) e Santa María de Narón e San Martiño de Castro de Soengas (Portomarín).
- O proxecto contempla os seguintes elementos e actividades construtivas
 1. Cimentación de 7 aeroxeneradores
 2. Instalación de 7 aeroxeneradores
 3. Subestación eléctrica
 4. Edificio de control
 5. Redes de conducción
 6. Viais de accesos

A potencia total do parque é de 31,2 MW e cada aeroxenerador terá ubicado na súa propia nacelle un transformador con relación 0,69/30 kV e potencia 5.350 KVA, mediante o cal se conecta a rede de media tensión do parque. Esta rede está constituída por unha serie de liñas subterráneas a un voltaxe de 30 kV, e enlaza os diferentes aeroxeneradores á subestación transformadora.

METODOLOXÍA DA ANÁLISE

Para realizar o estudo relativo ás afeccións potenciais do proxecto sometido a información sobre o ámbito competencial deste organismo, compróbase a existencia na delimitación territorial de actuación de zonas de concentración ou reestruturación parcelaria tanto finalizadas, como en execución ou previstas. Para a comprobación, utilízanse os arquivos shape facilitados na solicitude xunto coa petición de informe.

Do resultado do devandito cruzamento despréndese que non existen interaccións do proxecto con actuacións de esta administración, executados ou en execución na provincia de Lugo.





Non consta que existan neste momento outros proxectos previstos en materia de reorganización da propiedade que afecten a esa zona xeográfica.

Os perímetros das zonas de concentración parcelaria finalizadas e en curso, así como outra información adicional, poden ser consultada na páxina web da Consellería do Medio Rural:

<https://mediorural.xunta.gal/es/temas/desarrollo-rural/concentraciones-parcelarias>

INFORME

En relación coas competencias deste Servizo en materia de concentración e reestruturación parcelaria, tras as comprobacións oportunas, e á vista de todo o exposto, coas actuacións previstas non se producen interaccións con ningún proceso de concentración ou reestruturación parcelaria executadas, en proceso ou previsto.

Todo o que se informa aos efectos oportunos.

Lugo, data da sinatura

O enxeñeiro agrónomo do Servizo de Infraestruturas Agrarias de Lugo,
Francisco Xavier López Cedrón

